

HISTORIA

O seu biógrafo, Santiago Prol, di que o descubridor da illa Santa Helena foi o persoeiro galego máis importante de principios do século XVI

“Temos que recuperar a João da Nova”

A súa preocupación por sacar a luz a vida e obra dos persoeiros máis sobranceiros de Maceda, levouno a investigar con profundidade o papel que o navegante João da Nova xogou na conquista do Malabar indio. Despois de consultar máis de 170 libros en diferentes arquivos e bibliotecas, o escritor macedán Santiago Prol chegou a conclusión de que João da Nova, nado no bispado de Ourense e vinculado ós Nôvoa de Maceda, foi o persoeiro galego máis importante de principios do século XVI.

¿Hai documentación suficiente para vincular a Maceda ó navegante João da Nova, según vostede, o persoeiro galego máis importante de principios do século XVI?

Felipe de Cándara, cronista oficial de Galicia no século XVII vencellao a Maceda. Decía que era do bispado de Ourense, e que tiña relación coa caste noble dos Nôvoa, aínda que pode que fora un segundón ou un fillo ilexítimo. Tamén hai xente que o vencella a Pontevedra, pero non teñen base en que sustentar esta hipótese, porque o apelido Nova non chega a esta provincia ata o século XVII. Inicialmente o navegante apelidábase Nôvoa, pero logo o nome foi evolucionando cara a grafía portuguesa. **Vostede apunta que a historia escomenza a novelarse dende o mesmo momento en que se producen os feitos e que esto da pé a terxiversacións. ¿Que hai de historia e de novela na biografía de João de Nova?**

Procurei ser científico e ir a tódalas fontes posibles e non



Santiago Prol na igrexa de San Francisco.

inventarme nada. Podo responder de todo o que verquín no libro. Manexei a cinco cronistas do século XVI e fun transcribindo os seus libros. Non hai nada de ficción.

¿João da Nova non tivo o protagonismo que debería ter na historia de Galicia por tra-

ballar para Portugal?

Nova foi ninguneado polos portugueses, polos problemas que tivo con Francisco de Almeida, do rei, que ocupou o posto de capitán xeral das Indias que lle correspondía a el. Tamén tivo problemas con Afonso de Albuquerque, outro dos con-

quistadores do Malabar Indio. Utilizárono para tapar os abusos que cometeron cos nativos.

Vostede di que João da Nova foi un auténtico heroe e un dos grandes persoeiros do século XVI, pero parece olvidarse de que tamén foi un militar que contribuíu a masacrar ós pobos indíxenas que daquela habitaban o Malabar indio.

É certo que entón tiñan unha bula pontificia para cargarse ós islámicos e que a estes lles cortaban o nariz e as orellas. Pero teño constancia que João da Nova era moi diplomático e legal, xa que obrigou a matar a un portugués que matara a varios indios. Atopei moitos puntos positivos neste persoeiro. É un persoeiro que hai que recuperar e isto non se consegue só coa publicación dun libro. Agora ten que entrar nos libros de historia e na memoria colectiva. E o de heroe é porque daquela chegar á India lles levou seis meses, cando Colón só tardou 41 días en chegar ás costas de América. Foi unha auténtica proeza.

¿A reivindicación da figura do navegante podería extenderse a un proxecto museístico que fomentase o turismo cultural na comarca?

Estou pelexando por elo. En principio montamos esta exposición no Castelo, pero a miña idea é ter unha exposición permanente e facer que o reclamo sexa máis atractivo, incorporando, por exemplo, ordenadores para que os visitantes poidan facer expedicións virtuais recordando as viaxes do maríño.

ALBERTO CANAL

► Proxecto museístico na vila de Maceda



Mostra no Castelo macedán.

Entre as proezas do navegante João da Nova figuran a de realizar unha expedición ata India que durou seis meses, que sería algo así como unha viaxe tripulada a Marte na actualidade, e ser descubridor das illas de Asunción e San Helena, situadas no Atlántico Austral, da mítica Taprobana (ata hai pouco chamada Ceilán e na actualidade Sri Lanka), e outra que leva o seu propio nome ubicada no canal de Mozambique, fronte a Madagascar. A reivindicación da figura deste macedán sobranceiro vai moito máis alá da publicación da súa biografía, dado que Santiago Prol soña cun proxecto museístico onde se poida manter unha exposición permanente sobre as andanzas deste conquistador. Polo momento, pódese visitar (ata o 12 de setembro) unha mostra integrada por 20 paneis sobre a súa figura, no Castelo de Maceda.